



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº 1/2025 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 13 DE XANEIRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Non a aprobamos pola razón de sempre, ausencia dunha gravación de audio, como mínimo.*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 28 de novembro de 2024.

2.- APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2025” PARA FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Polo Sr. Alcalde dáse conta do importe de gasto corrente e investimentos que se pretenden incluír no POS+ Adicional 1/2025 para financiamento de gastos sociais extraordinarios da Deputación Provincial da Coruña.

Sr. Rego Baamonde: *“Queríamos saber cunha pouca de antelación a documentación e non enterarnos cando chegamos aquí; as cousas deberían ser transparentes.”*

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e a abstención dos Concelleiros do P.S.de G- PSOE, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ Adicional 1/2025”** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do
POS+ADICIONAL/2025

47.536,27 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	47.250,72 €	4.200,00 €	43.050,72 €	43.050,72 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i	1.523,55 €		1.523,55 €	1.523,55 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	2.962,00 €		2.962,00 €	2.962,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	51.736,27 €	4.200,00 €	47.536,27 €	47.536,27 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	43.050,72 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	1.523,55 €
III. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía j	2.962,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	47.536,27 €

SEGUNDO.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Ás 20:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dna. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira